



UTE GESTIÓN CANGAS

A UTE Gestión Cangas, formada por Aqualia e Civis Gobar, nace en 2014 para xestionar o ciclo integral da auga en Cangas do Morrazo, asumindo as labores de abastecemento, saneamento e depuración.

As instalacións que xestiona a concesionaria inclúen catro depósitos de auga, situados en Coiro, Nerga, Alto de Piñeiro e Ourelo; 39 bombeos, 35 deles para augas residuais e os catro restantes para augas potables; e unha depuradora situada en Areamilla. A auga, que chega dende o encoro de Eiras (Vigo) e os mananciais de Angueiro e A Madalena (Cangas), traça o seu percorrido por estas localizacións.

A UTE Gestión Cangas conta con 13 empregados e empregadas, entre operarios e oficinas, que se ocupan de prestar servizo as 24 horas do día aos clientes. Parte da actividade da concesionaria está ligada ao respecto polo medio ambiente e a iniciativas de carácter social no municipio de Cangas.